



Axudas Vivenda

* A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mantén unha serie de liñas de axudas en materias de vivenda que no caso de Boimorto son aplicables as seguintes:

- Axudas para a adquisición de vivendas por menores de 35 anos en Concellos de menos de 5.000 habit.
- Bono de Alugueiro Social
- Préstamos para rehabilitación de vivenda

No Concello temos a disposición dos veciños folletos informativos ao respecto e ofreceremos o mellor asesoramento que sexamos capaces ao respecto desta materia.

Cultura

* A Asociación "Os nosos maiores de Boimorto" organiza a VISITA O SANTUARIO DAS PÍAS (Sobrado), luns 10 de xuño de 2019, anotarse antes do día 6 de xuño no Centro Social de Maiores ou no Concello, o transporte será gratuíto por parte do Concello, e a comida correrá por parte de cada participante (10€/persoa). Habrá recollida e entrega dos/as asistentes polas parroquias; a saída será do Centro Social de Maiores sobre as 10:30, e assistiremos a unha misa no Santuario. Prazas limitadas.

Rally Terra da Auga

* Os días 24 e 25 de maio a nosa comarca, os concellos de Arzúa, Touro, O Pino e Boimorto, volven acoller unha nova edición do Rally Terra da Auga. Nesta edición Boimorto vai acoller a presentación do evento o xoves 9 de maio as 19:00 horas no Comedor do CPI Armando Cotarelo. No acto de presentación teremos en Boimorto unha mostra dos vehículos que participarán no rally e algún dos seus participantes. Asistirán a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, e o Secretario Xeral para o Deporte, José Ramón Lete.

Estate atentos a web <http://rallydaauga.com/> e o seu facebook [@RallyDaAuga](https://www.facebook.com/RallyDaAuga) para non perdervos ningunha das novidades deste ano.

Servizos Sociais

* **PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.** Determinación do prazo de nova inscrición de matrícula no PAI do Concello de Boimorto para o curso 2019-2020 dende o 12 de abril ao 21 de xuño (ámbolos dous incluídos). Información e inscrición: Previa cita nos servizos sociais do concello. Tfno: 981516075.

* **CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES.** Exposición "Mindjer di Guiné: Miradas desde Guinea-Bissau". O Fondo Galego apoiou en Guinea-Bissau un proxecto da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz para mellorar o acceso á auga e as prácticas hixiénicas na comunidade de Carantaba (sector de Contobuel, rexión de Bafatá). A iniciativa levaba aparellada un obradoiro de introdución á fotografía para mulleres, impartido polo fotoxornalista Sylvain Cherkaoui. Esta exposición amosa unha selección de imaxes realizadas polas dezaseis participantes.

- Horario de visita: de luns a venres dende as 9:00 h ata as 14:00 h.
- Información: Servizos sociais do concello. Tfno: 981516075.

* **Campamento de Verán:** O prazo de preinscrición para o campamento do 2019 estará aberto ate o 14 de xuño. Esta destinado a nen@s nad@s entre o 2007 e 2015, ambos incluídos. Desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00. Quendas a elixir:

1º quenda: 1 a 12 Xullo	2º quenda: 15 a 31 Xullo	3º quenda: 1 a 16 agosto	4º quenda: 19 a 30 agosto.
-------------------------	--------------------------	--------------------------	----------------------------

Ofertase tamén a posibilidade de Servizo de madrugadores: 09:00 a 10:00 e servizo de mediodía: 14:00 a 15:00. Habrá servizo de transporte durante o mes de xullo e condicionado o seu horario ó transporte compartido cos usuarios do centro de maiores.

Os interesados en inscribirse poden pasar polo Concello a materializar a preinscrición no mesmo.

Emprego

* O Vindeiro 20 de maio remata o prazo de solicitudes para participar no proceso selectivo de 2 peóns e 1 tractorista podedes ver as bases na web do Concello ou no BOP 80 do Luns 29 de abril de 2019.

* O 17 de maio remata o prazo de solicitudes para participar no proceso selectivo de técnico/a de turismo Concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar. As bases están dispoñibles na web do Concello e publicadas no BOP numero 85 do 07/05/2019.

* Proximamente farase pública no BOP e páxina web unha convocatoria para formación de bolsa de traballo de auxiliares de axuda no fogar.